






PROPOSTA SEMANAL EDUCACIÓN INFANTIL SEMANA DO 4 AO 10 DE MAIO


 <p>Autonomía</p>	<p>Podedes enviarnos unha foto destes días que volvedes saír a rúa. É importante que vos soñíos fagades o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• Vestirvos e espirvos, abotoarse.• Ao chegar a casa limpar os zapatos.• Facerse cargo da bici, patinete...etc que saquedes a rúa e devolvedo ao seu lugar ó chegar a casa.• Lavar ben as mans	
 <p>Linguaxe</p>	<p>Busqueda do tesouro: Nun folio vamos a escribir letras ou palabras</p> <ul style="list-style-type: none">• En 3 e 4 anos podédelo facer co seu nome e coas iniciais dos compañeiros ou da familia.• En 5 anos podedes escribir palabras para que as lean. <p>Logo metémolo nunha caixa, bandexa de cociña, tuper...o que teñades e cubrídelo con arroz. Os nenos deberán buscar as letras cos dedos. Segundo as vaian atopando deberán ir identificándoas.</p> <p>Os meus TOP 5 cousas favoritas desta cuarentena:</p> <p>Tendo en conta a plantilla (doble click na imaxe) tedes que pensar e escribir cales son as vosas cousas favoritas de: comida, xoguete, película, música e vestuario e facer o que pon aí. Logo tedes que gravar un vídeo explicándonos todo e subídelo a xuefeto.</p>	 



Confo

Escoitamos o conto “**Como está o galiñeiro**” contado pola profe Carmen:

<https://www.youtube.com/watch?v=qKXK-pLYRc&feature=youtu.be>



O noso galiñeiro:

Despois de ver o conto vamos a facer o noso propio galiñeiro e a **6º galiña, a do sábado!!** Botádelle imaxinación.

Para o galiñeiro podedes empregar unha caixa de zapatos e decorala como queirades.

Para a galiña podela pintar, facer con calcetíns, cunha botella de plástico, con la, con follas, con cartón, cun tubo de papel...ao voso antollo e imaxinación.



Arte





Lóxico-matemático

Tarxetas de Super Heroes: Para xogar podédelo facer no móbil, tableta ou ordenador. Os nenos deben contar cantos elementos hai e indicar o número que lle corresponde. Se o queredes imprimir que poñan unha pegatina no número que lle corresponde (facer click nas imaxes para ver en grande)

Memory de Números: Os nenos/as deben buscar as parellas. Vai subindo de nivel.









Nivel 1: <https://learningapps.org/watch?v=pv25kmgon20>

Nivel 2: <https://learningapps.org/watch?v=pwk6b1u9320>

Nivel 3: <https://learningapps.org/watch?v=px89efwr320>

Cal é a torre máis alta?

Cal é o membro da familia máis alto? Para iso debemos construír torres con diferentes materiais (lego, libros, cartóns de leite, caixas de zapatos) ata chegar a súa altura e logo contamos cantos materiais empregamos e escribímolo nun papel. Tamén o podemos tirándonos no chan.

			
1 2 3	1 3 2	4 5 6	6 5 7
			
2 3 4	2 4 3	5 7 6	8 7 5



Inglés

Esta semana veremos esta historia na que nos conta cómo os animais reciben a primavera.

<https://www.youtube.com/watch?v=38xwpe8NFOI>

Despois, faremos un debuxo no que explicaremos como os distintos animalíños quixeron esperarar ó oso da súa hibernación.





Música

Cancións para traballar as notas musicais:

<https://www.youtube.com/watch?v=sRqYft7-tMc>

Actividades e música para bailar e pasalo xenial:

<https://www.youtube.com/watch?v=ymigWt5TOV8>

Cancións con dramatización asociada:

<https://www.youtube.com/watch?v=ZanHgPprl-0>



Experimentos

Debuxando sombras:


Colocamos un obxecto próximo a unha fiestra ou a unha fonte de luz como unha lámpada. Ao lado poñemos un folio branco para que se reflexe a súa sombra. Despois repasámola cun lapis e coloreámola. Tamén o podemos facer co noso rostro e ca nosa silueta.

Facemos Hologramas: Tedes que seguir os pasos do vídeo

<https://www.youtube.com/watch?v=dMCLGWthS34>

Logo buscadeis en yotube vídeos con hologramas como este e a desfrutar:

https://www.youtube.com/watch?v=MyC1msvF7_c





Psicomotricidade

“Yincana” con globos

Facer diferentes probas pola casa con globos tipo:

1. Inflar o globo (se non dan que os axuden)
2. Camiñar rápido/ correr do punto A o punto B collendo o globo coa orella e o ombro.
3. O Chegar o punto B, pinchar uns cantos globos co traseiro.
4. Poñer un globo entre os pes e ir saltando ata outro punto.
5. Frotar o globo contra a camiseta ou o pantalón e intentar que vaia pegado ata outro lugar.
6. Intentar meter o globo nun cubo.



Cociña

Cookies

Necesitaremos:

- 115 g de manteiga
- 75 g de azucre
- 100 g de azucre moreno
- 1 ovo
- 1 cdta de azucre vainillado ou esencia
- 225 g de fariña de trigo
- 1 cda de maicena
- 1 cdta de levadura química
- 1/4 de cdta de sal fina
- 150 g de chips de chocolate

Para a súa elaboración facede click na imaxe para ver o vídeo en youtube.



Estádelo facendo xenial, seguides así.

Equipo de Ciclo de Educación Infantil

